

PROGRAMA

Inauguración e presentación do capítulo III:

Alcalde de Cabana de Bergantiños:

D. José Muíño Domínguez

Deputado de Contratación e Patrimonio da Deputación da Coruña:

Xosé Luís Penas

Director das aulas:

Jorge Mira Pérez

Contar o tempo pola tele

Mabel Montes Rama

Presentadora do tempo na Televisión de Galicia

De onde vén a riqueza meteorolóxica de Galicia? Explicación dos numerosos microclimas galegos

Juan Taboada Hidalgo

Coordinador de MeteoGalicia

MESA REDONDA

Como será a información meteorolóxica do futuro?

Modera: Jorge Mira Pérez

Mabel Montes Rama

Juan Taboada Hidalgo

A pelexa da ciencia contra o cambio climático

Susana Bayo Besteiro

Investigadora no EPhysLab (Univ. Vigo) e directora e presentadora de El Tiempo (Telemiño e La Región)

Está o tempo tolo? Non, a culpa é do Jet Stream

Xavier Fonseca Blanco

Xornalista de La Voz de Galicia

MESA REDONDA

O cambio climático que nos vén enriba

Modera: Jorge Mira Pérez

Susana Bayo Besteiro

Xavier Fonseca Blanco

A LUZ DA CIENCIA

DOLMEN DE DOMBATE

AULAS CIENTÍFICAS 2021

DEPUTACIÓN DA CORUÑA

XORNADA III METEOROLOXÍA E CLIMA

DISPONÍBLE A PARTIR DO
10 DE SETEMBRO NA SEGUINTE LIGAZÓN

www.dacoruna.gal/patrimonio/aulas-cientificas-2021



MÁIS INFO EN
www.cabana.gal/astronomiadombate



JUAN TABOADA HIDALGO



Licenciado e doutor en física pola Universidade de Santiago. Realizou a súa tese de doutoramento sobre a circulación hidrodinámica no Mediterráneo, coñecementos que máis tarde puido aplicar no ámbito do litoral galego. Posteriormente especializouse en circulación atmosférica. No ano 2000 incorporouse ao daquela recentemente creado servizo meteorolóxico galego (MeteoGalicia). Na actualidade está ao cargo dos prognósticos do tempo, coordinando ao equipo de predición operativa.

O traballo operativo do día a día non lle fixo esquecer os labores de investigación e divulgación. Continuou participando en proxectos de I+D, publicando resultados de investigación e tamén traballando en cuestións de carácter máis divulgativo, como poden ser os programas de visitas a MeteoGalicia ou as diferentes intervencións en medios de prensa. Unha temática na que ten traballado con intensidade nos últimos anos é o estudo do cambio climático en Galicia e as súas posibles consecuencias, con ánimo de axudar a atopar as mellores estratexias de adaptación en Galicia.



MABEL MONTES RAMA

Xornalista, licenciada no ano 1998 en Ciencias da Comunicación na Universidade de Santiago. Leva toda a súa vida laboral

dedicándose á comunicación audiovisual, case sempre vinculada como reporteira ou como guionista aos informativos da Televisión de Galicia.

Desde hai unha década forma parte do equipo de O Tempo da TVG, elaborando e comunicando os prognósticos meteorolóxicos para os galegos e galegas.

XAVIER FONSECA BLANCO



Xornalista científico en La Voz de Galicia, diario no que foi creador da sección Historias del Tiempo. Foi presentador e director dos espazos de información meteorolóxica e divulgación científica de VTelevisión.

Na actualidade é tamén investigador predoutoral sobre cambio climático nas Universidades de Santiago e A Coruña.

Mención de honor nos Premios Prismas no 2013 polo programa Historias del Tiempo.

Premio de divulgación do Centro Nacional de Física de Partículas (CPAN) en 2016 por unha serie de programas de divulgación científica sobre o CERN.

En 2020 a Real Academia Galega de Ciencias concedulle o Premio Celia Brañas de Xornalismo Científico.

SUSANA BAYO BESTEIRO



Licenciada en Física, especializada en atmosfera e medio ambiente. Actualmente investigadora predoutoral no EPhysLab da Universidade de Vigo no eido dos servizos climáticos para a enerxía eléctrica renovable. Dentro deste traballo ten elaborado informes de carácter confidencial para a industria enerxética e participado en conferencias internacionais.

Dende febreiro do 2021 é directora e presentadora de El Tiempo en Telemiño e La Región, espazo de información e divulgación meteorolóxica diario.

Fóra do eido académico ten desenvolto a súa carreira no sector público e privado. Foi concelleira de Medio Ambiente e Transporte na cidade de Ourense (2011-2015), na que implementou políticas de mellora da contorna e de adaptación ao cambio climático.

Susana Bayo é membro da dirección executiva en España da organización The Climate Reality, fundada por Al Gore, que se dedica a promover o coñecemento do cambio climático entre a poboación xeral a través de actividades de divulgación.